

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****SALVATERRA DE MIÑO****Ordenanzas e Regulamentos*****APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS******EDICTO***

PRIMEIRO.- En cumprimento do artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de data 07 de novembro de 2022 relativo á aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por expedición de documentos administrativos, nos termos previstos no expediente, xuntando o proxecto da Ordenanza Fiscal en cuestión:

- Taxa por expedición de documentos administrativos

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICION
DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS*****ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE***

Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as Autoridades municipais.

A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que veña de ser provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non teña mediado solicitude expresa do interesado.

Non estará suxeita a esta Taxa a tramitación de documentos ou expedientes necesarios para o cumprimento das obrigas fiscais, como tampouco as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos, os recursos administrativos contra resolucións de calquera clase e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia do Concello.

ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou as que no seu interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.



Venres, 27 de xaneiro de 2023

Núm. 19

ARTIGO 3. RESPONSABLES

1.—Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 y 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades mailos síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 4. EXENCIONS E BENEFICIOS FISCAS

1.—Gozarán de exención a documentación necesaria para tramitar expedientes no Departamento de Servizos Sociais ou calquera outro expediente para tramitación interna no Concello.

ARTIGO 5. COTAS TRIBUTARIAS

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa Tarifa que contén o cadro seguinte.

CONCEPTOS	COTA EUROS
TARIFAS.	
a) Certificacións que se expidan e informes de calquera clase en Xeral.....	2,70 €
b) Informes e certificacións urbanísticas	15,00€
c) Copias de documentos, cada folio en A 4	0,10 €
d) Copias de documentos, cada folio en A 3.....	0,15 €

e) Solicitude para tomar parte no procedemento de selección e promoción de persoal:

e.1) Para Grupos A1 e A2 ou grupo profesional equivalente no caso de persoal laboral: 25,50 euros

e.2) Para Grupos C1 ou grupo profesional equivalente no caso de persoal laboral: 24,20 euros

e.3) Para Grupos C2 e Agrupacións Profesionais ou grupo profesional equivalente no caso de persoal laboral: 21,40 euros.

2.—A cota de Tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende a súa iniciación até a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ao interesado do acordo recaído.

ARTIGO 6. DEVENGO

1.—Devégase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ao tributo.



Venres, 27 de xaneiro de 2023

Núm. 19

2.—Nos casos aos que se refire o número 2 do artigo 1º, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provoquen a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

ARTIGO 7. DECLARACIÓN E INGRESO

A Taxa esixirase en réxime de autoliquidación.

Os suxeitos pasivos ingresarán o importe desta Taxa no momento da solicitude do servizo no Rexistro xeral. Servirá de xustificante de ingreso o impreso de autoliquidación da taxa coa estampación de “pagado” no mesmo.

ARTIGO 8. INFRACCIONS E SANCIONS

En todo o relativo a Infraccións tributarias e ás súas calificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAS

1.—No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2.—A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

As precedentes modificacións, entrarán en vigor o mesmo día da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Contra o presente acordo, conforme o artigo 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderase impoñer recurso contencioso-administrativo.

(Documento asinado electrónicamente á marxe)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: YZAU7K0MRLC906Z

